

**REUNIÓN DA COMISIÓN 2.^a,
ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS
PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E
SERVIZOS**

Día: 18.01.2018 Hora: 10:30

A Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 18 de xaneiro de 2018, ás 10.30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas

- 1.1 2899 (10/POC-000432)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 3 máis
Sobre o estado de conservación e previsións da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio respecto da enseada dos Pasais, no concello de Meaño
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 44, do 13.01.2017
- 1.2 21559 (10/POC-003459)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre o sistema de abastecemento de auga que está a utilizar Elnosa, o lugar de captación e a súa autorización, así como a valoración do Goberno galego en relación co incremento do consumo previsto pola empresa nun contexto de alerta por seca e de dificultades de abastecemento á poboación
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 234, do 29.12.2017
- 1.3 21564 (10/POC-003460)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos
Sobre a revisión de expedientes de modificación de servizos e/ou tarifas no eido do transporte por estrada para determinar se existen casos de presentación de documentación falsa e, se é o caso, as medidas sancionadoras adoptadas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 234, do 29.12.2017
- 1.4 21689 (10/POC-003465)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre a seguridade viaria para ciclistas no proxecto de reforma e mellora da seguridade viaria na PO-308
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 234, do 29.12.2017

Punto 2. Proposicións non de lei

- 2.1 5714 (10/PNC-000555)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar a seguridade viaria do Camiño Portugués na provincia de Pontevedra, así como a mobilidade ciclista nel entre Tui e Santiago de Compostela
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 79, do 08.03.2017
- 2.2 21043 (10/PNC-001725)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón
Sobre o apoio e a colaboración polo Goberno galego cos concellos afectados nas actuacións que leven a cabo para reclamar a Audasa o pagamento íntegro do IBI correspondente á AP-9
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 226, do 14.12.2017

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2018

Jaime Castiñeira Broz

Presidente da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Jaime Castiñeiras Broz, na data 10/01/2018 10:17:24

RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 2.^a, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS**

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
Jaime Castiñeira Broz	P
Vicepresidenta	
Marta Nóvoa Iglesias	P
Secretario	
Antón Sánchez García	EM

Vogais

Xosé Luís Bará Torres	BNG
Marcos Cal Ogando	EM
Raúl Fernández Fernández	S
Martín Fernández Prado	P
Jacobo Moreira Ferro	P
María Luisa Pierres López	S
María Julia Rodríguez Barreira	P
Gonzalo Trenor López	P
Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna	P

Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 18.01.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas orais

Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 18.01.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 2899(10/POC-000432)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 3 máis

Sobre o estado de conservación e previsións da Consellería de
Medio Ambiente e Ordenación do Territorio respecto da enseada
dos Pasais, no concello de Meaño

Publicación da iniciativa, 44, 13.01.2017

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Julio Torrado Quintela, Patricia Vilán Lorenzo, María Pierres López e Raúl Fernández Fernández, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esta Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia é a encargada de conservar os espazos naturais da nosa terra, e dentro deles se remarcan de maneira destacada aqueles que, sinaladamente, teñen un valor recoñecido. Asociado á aprobación do Plan Director da Rede Natura 2000, establecéronse as Zonas Especiais de Conservación (ZEC; ano 2014) en seguimento das directrices europeas e a implantación dos Lugares de Importancia Comunitaria (LIC; ano 2004), que destacaban unha serie de espazos naturais de relevancia na Comunidade Autónoma.

O lugar da enseada de Os Pasales, que conxuga o linde entre os concellos de Meaño e Sanxenxo, forma parte da ZEC Complexo Ons- Grove (ES1140004). O contorno natural presenta unha ausencia de coidado notorio, acumulando sucidade na contorna pegada á terra que evidencia a falta de limpeza e atención necesaria. Este espazo presenta, ademais, puntos de vertido incontrolado ao mar, que propagan malos olores e mortalidade de peixes.

En outubro de 2015 o Grupo Municipal Socialista de Meaño presentou unha moción ao Pleno municipal denunciando a situación e solicitando a limpeza do lugar. A moción foi aprobada pola unanimidade do Pleno, mais non houbo avances ao respecto no estado do lugar dende aquela.

O contorno dos Pasales conta coa presenza, aos dous lados da enseada, de dúas telleiras con un interesante valor patrimonial, o que podería redundar nun espazo de alto valor medioambiental e patrimonial, coa repercusión relevante que pode ter a efectos turísticos, culturais e de lecer.



 Grupo Parlamentario

Por todo o anteriormente exposto, os deputados e deputadas que asinan
formulan as seguintes preguntas para o seu debate en comisión:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia do estado de conservación e coidado da enseada dos Pasales?
2. Cando foi recibida a moción aprobada no Pleno do Concello de Meaño?
3. Que acción se puxeron en marcha con respecto a dita moción?
4. Que consideración lle merece a Xunta de Galicia a potencialidade medioambiental, turística e de lecer do contorno de Os Pasales?
5. Ten previsto realizar a consellería algunha acción destinada a mellorar a situación do lugar? Cal e cando pretende iniciala?

Pazo do Parlamento, 3 de xaneiro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Patricia Vilán Lorenzo
María Pierres López
Raúl Fernández Fernández
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 03/01/2017 16:20:14

Patricia Vilán Lorenzo na data 03/01/2017 16:20:20

María Luisa Pierres López na data 03/01/2017 16:20:27

Raúl Fernández Fernández na data 03/01/2017 16:20:32

Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 18.01.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.2 21559(10/POC-003459)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre o sistema de abastecemento de auga que está a utilizar Elnosa, o lugar de captación e a súa autorización, así como a valoración do Goberno galego en relación co incremento do consumo previsto pola empresa nun contexto de alerta por seca e de dificultades de abastecemento á poboación

Publicación da iniciativa, 234, 29.12.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/12/2017 09:58
Nº Rexistro: 21559
Data envío: 15/12/2017 09:58:50.941

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.**

1. A Xunta de Galiza estalle alfombrando o camiño á empresa ELNOSA para seguir fabricando cloro na súa ubicación actual na parroquia de Lourizán, en terreos de dominio público marítimo terrestre. O último paso nesta estratexia de consolidación na contorna de Pontevedra dunha actividade industrial considerada nociva e perigosa foi a aprobación, o pasado 11 de decembro, dunha nova Autorización Ambiental Integrada.

Séguese deste xeito un guión preestablecido, exactamente o mesmo que se utilizou con ENCE: unha vez adoptada a decisión política de favorecer a continuidade de empresas contaminantes en terreos de dominio público gañados ao mar, retórcese ou adáptase a lei a medida dos intereses de empresas privadas e en contra do interese xeral. E todo isto nun proceso falto de transparencia, con negociacións ocultas e contravindo anuncios, normas e compromisos anteriores da Xunta, contrarios á continuidade destas empresas no actual emprazamento.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/12/2017 09:58
Nº Rexistro: 21559

Data envío: 15/12/2017 09:58:50.941

2. Na tramitación da Autorización Ambiental Integrada a ELNOSA, o concello de Pontevedra presentou alegacións nas que facía constar a modificación substancial do proceso produtivo e as súas consecuencias especialmente no que ten que ver coa abastecemento de auga e vertido de efluentes líquidos. Segundo os informes dos técnicos do concello de Pontevedra, estas modificacións substanciais xustificaban a necesidade dun estudo de avaliación de impacto ambiental, tal como determina a Lei 21/2013 de avaliación ambiental.

Cómpre sinalar a este respecto que o cambio tecnolóxico proposto suporá unha modificación significativa no consumo anual de auga nunha zona que está en alerta hidrolóxica, xa que vai pasar de 200.000 a 300.000 m³. Tamén se producirá un incremento moi importante na vertedura de augas residuais, que se incrementará nun 100%, pasando de dos 55.000 m³ actualmente autorizados a 100.000 m³ ao ano.

3. Por outra parte, descoñécese que figura de planeamento vai utilizar a empresa para amparar as obras que é preciso realizar. E neste sentido, é do máximo interese saber se a Xunta de Galiza ten previsto aprobar un proxecto sectorial de incidencia supramunicipal que lle dea cobertura legal ás actuacións previstas.

Polo anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/12/2017 09:58
Nº Rexistro: 21559
Data envío: 15/12/2017 09:58:50.941

-Que sistema de abastecemento de auga utiliza a empresa ELNOSA?

-Onde capta a auga para abastecer a factoría e con que autorización conta para facelo?

-Como valora o Goberno galego o incremento previsto de consumo de auga por ELNOSA nun contexto de alerta por seca e de dificultades de abastecemento á poboación?

Santiago de Compostela, 15 de decembro de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 15/12/2017 09:56:41



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/12/2017 09:58
Nº Rexistro: 21559

Data envío: 15/12/2017 09:58:50.941

María Montserrat Prado Cores na data 15/12/2017 09:56:45

Ana Pontón Mondelo na data 15/12/2017 09:56:47

Xose Luis Rivas Cruz na data 15/12/2017 09:56:48

Olalla Rodil Fernández na data 15/12/2017 09:56:49

Noa Presas Bergantiños na data 15/12/2017 09:56:51

Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 18.01.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.3 21564(10/POC-003460)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre a revisión de expedientes de modificación de servizos e/ou tarifas no eido do transporte por estrada para determinar se existen casos de presentación de documentación falsa e, se é o caso, as medidas sancionadoras adoptadas

Publicación da iniciativa, 234, 29.12.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez Rodríguez e Marcos Cal Ogando, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.ª**.

Recentemente coñecemos, a través da prensa, que a empresa Arriva tiña presentado, presuntamente, documentación falsa para xustificar un maior número de condutores na liña Viveiro-Ribadeo.

Este feito foi denunciado pola nova empresa concesionaria e o propio Director Xeral de Mobilidade recoñeceu os feitos.

Preocúpanos a falla de control por parte da Xunta de Galicia neste caso, no que inicialmente lle abriu expediente á nova empresa concesionaria pola non subrogación de traballadores.

A Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Mobilidade tardou meses en aclarar unha situación sobre a que aínda non se ten pronunciado acerca dunha solución concreta para os traballadores afectados.

Ademais deste caso concreto, da solución para os traballadores, tamén nos preocupa a posibilidade de que este déficit de control sexa máis xeral no sector do transporte público por estrada.

Isto pode ter ocasionado que ao longo do país e neste sector se teñan aportado, en máis casos, datos económicos co fin de incrementar fraudulentamente as tarifas ou reducir o servizo aos usuarios.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas para resposta oral en Comisión:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/12/2017 11:42
Nº Rexistro: 21564
Data envío: 15/12/2017 11:42:00.739



- 1) Estanse a revisar máis expedientes de modificación de servizos e/ou tarifas para tratar de determinar si noutros casos se aportaron datos falsos dentro da memoria ou estudo económico co obxectivo de inflar fraudulentamente as tarifas ou reducir servizos?

- 2) Teñen detectado ditas prácticas en algún caso anterior?

- 3) Que medidas sancionadoras tomaron ou no seu caso teñen pensado tomar coas empresas que teñan actuado así?

Santiago de Compostela, 15 de decembro de 2017.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 15/12/2017 11:41:15

Marcos Cal Ogando na data 15/12/2017 11:41:23

Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 18.01.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.4 21689(10/POC-003465)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a seguridade viaria para ciclistas no proxecto de
reforma e mellora da seguridade viaria na PO-308

Publicación da iniciativa, 234, 29.12.2017



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

A estrada autonómica PO-308 -entre Poio e Sanxenxo- é extremadamente perigosa en varios puntos, fundamentalmente pola falla de medidas por parte do Goberno galego. Segundo recoñecera no seu día o entón conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, é unha das estradas máis saturadas e unha das máis utilizadas para ir ás praias na tempada estival. Mais nalgunhas das súas zonas non existe nin beiravía; no verán, hai accidentes todas as semanas; téñense producido varias mortes e é unha das estradas da provincia de Pontevedra con maior tránsito de persoas usuarias de bicicleta en deporte, mobilidade e turismo, presentando unha mala seguranza viaria para os usuarios e usuarias de bicicleta.

Ocorre que a Consellería de Infraestruturas e Vivenda ten en marcha un proxecto de reforma e mellora da seguridade viaria na PO-308. Que non contempla a mobilidade en bicicleta nin as necesarias medidas de seguranza para ciclistas e peóns. Que non mellora a sinalización para ciclistas, a adecuación viaria, a mellora do firme das beiravías e demais medidas que revertan na seguridade dos ciclistas. Así, a asociación “Pedaladas” ten presentado alegacións ao proxecto.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Considera o Goberno galego que a PO-308 presenta unha mala seguranza viaria para as persoas usuarias de bicicleta?



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/12/2017 16:37
Nº Rexistro: 21689
Data envío: 20/12/2017 16:37:17.089



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

2. Considera o Goberno galego que o proxecto de reforma e mellora da seguridade viaria na PO-308 presenta tamén unha mala seguranza viaria para os usuarios de bicicleta?

3. Vai ter en conta o Goberno galego as alegacións presentadas pola asociación “Pedaladas” a este proxecto?

Pazo do Parlamento, 20 de decembro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 20/12/2017 16:31:04

Raúl Fernández Fernández na data 20/12/2017 16:31:10

María Luisa Pierres López na data 20/12/2017 16:31:16

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 18.01.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.5 21894(10/POC-003523)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 8 máis

Sobre as actuacións que se están a desenvolver na comarca de
Vigo no marco do Plan de sendas de Galicia



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2017 12:38
Nº Rexistro: 21894
Data envío: 28/12/2017 12:38:58.540

Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Alberto Pazos Couñago, Martín Fernández Prado, Diego Calvo Pouso, Jaime Castiñeira Broz, Marta Novoa Iglesias, Gonzalo Trénor López, Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna, Julia Rodríguez Barreira e Jacobo Moreira Ferro deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta Oral en Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**.

O Executivo galego, a través da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, está a desenvolver un ambicioso Plan de Sendas en distintas comarcas galegas. Trátase dun plan que concreta a construción, ao longo de distintas fases, de 170 novos quilómetros de novas sendas seguras, sostibles e integradas na paisaxe en distintas estradas autonómicas. Un compromiso que foi recollido no programa electoral co que o Partido Popular de Galicia obtivo a confianza maioritaria do pobo galego e que está a efectivizarse con actuacións concretas dende o goberno.

O Plan de Sendas de Galicia prevé todo un conxunto de actuacións planificadas sobre sete comarcas de Galicia entre elas a Comarca de Vigo, encamiñadas a reforzar a seguridade viaria de peóns e ciclistas e a ofrecerlle aos cidadáns modos de desprazamento menos contaminantes e alternativos á utilización do vehículo particular. Un plan que, estamos convencidos, está a supoñer unha mellora substancial no reforzo da seguridade viaria nas estradas autonómicas que son obxecto de actuacións e que redundará tamén no incremento da calidade de vida dos veciños e veciñas da Comarca de Vigo, na que a Xunta ten anunciado a execución de aproximadamente 12,5 quilómetros de novas sendas, en concellos como Baiona, Porriño, Mos, Nigrán ou Gondomar.

Por todo isto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

-En que estado de desenvolvemento se atopan as distintas fases do Plan de Sendas da Comarca de Vigo ?

-Que actuacións concretas se están a desenvolver actualmente no marco do Plan de Sendas de Galicia na Comarca de Vigo?.

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2.017

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2017 12:38
Nº Rexistro: 21894
Data envío: 28/12/2017 12:38:58.540**

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 28/12/2017 12:34:56

María Ángeles García Míguez na data 28/12/2017 12:35:32

Alberto Pazos Couñago na data 28/12/2017 12:35:41

Martín Fernández Prado na data 28/12/2017 12:35:54

Diego Calvo Pouso na data 28/12/2017 12:36:15

Jaime Castiñeira Broz na data 28/12/2017 12:36:25

Marta Novoa Iglesias na data 28/12/2017 12:36:37

Gonzalo Trenor López na data 28/12/2017 12:36:53

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 28/12/2017 12:37:12

María Julia Rodríguez Barreira na data 28/12/2017 12:37:33

Jacobo Moreira Ferro na data 28/12/2017 12:37:45

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 18.01.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 18.01.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2.1 5714(10/PNC-000555)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar a seguridade viaria do Camiño Portugués na provincia de Pontevedra, así como a mobilidade ciclista nel entre Tui e Santiago de Compostela

Publicación da iniciativa, 79, 08.03.2017



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2017 11:35
Nº Rexistro: 5714
Data envío: 27/02/2017 11:35:08.980

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa á seguridade no Camiño Portugués.

1. No mes de maio do 2014 creouse a Mesa de traballo permanente para a potenciación do Camiño Portugués. Na xuntanza constitutiva que tivo lugar na Deputación de Pontevedra participaron a Directora Xeral de Turismo, Nava Castro, o Presidente da Deputación de Pontevedra, Rafael Louzán, o Presidente da Fundación Camiño de Santiago, Tino Lores, representantes de 12 concellos e técnicos da Deputación e da Xunta de Galiza.

Entre os acordos desta primeira xuntanza da mesa cabe sinalar o de levar a cabo un Plan de Accesibilidade, así como o de realizar obras de mellora da seguranza viaria en determinados puntos do trazado con problemas de perigosidade.

2. A Fundación Camiño de Santiago (herdeira da asociación Amigos do Camiño Portugués) presentou daquela un informe no que se detallaban ata 11 puntos negros no treito pontevedrés da rota xacobeá, incidindo naqueles que presentaban maior perigo (“zonas moi complicadas e de elevadísimo risco”): interseccións con estradas de tráfico intenso, principalmente estradas nacionais; estradas sen beiravías; e pasos por rotondas. A intención da Fundación era que este informe fose tido en conta pola consultora



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2017 11:35
Nº Rexistro: 5714
Data envío: 27/02/2017 11:35:08.980

encargada de estudar as actuacións de mellora da accesibilidade e a seguranza viaria no Camiño.

Na relación de puntos negros identificados en 2014 cabe sinalar:

i. No concello de Redondela:

-a intersección do Camiño Portugués coa N 550 en Cesantes á altura do colexio público e a subida cara ao Viso;

-o acceso a Redondela

ii No concello de Pontevedra:

-o paso do Camiño por San Caetano-Alba, nunha estrada autonómica, a PO 225, de tráfico intenso e sen beiravía que inclúe o paso por unha ponte sen protección;

- a entrada en Pontevedra desde Tomeza pola estrada provincial O Marco-Tomeza-Figueirido, un treito no que o concello de Pontevedra propuxo como alternativa a vía de servizo do tren de alta velocidade que discorre en paralelo á senda do río dos Gafos.

iii No límite entre O Porriño e Mos

- o paso do Camiño por rotondas e as interseccións coa N 550

iv No concello de Soutomaior: as interseccións coa estrada en Arcade.

v No concello de Caldas: as interseccións coa N 550 con especial atención á zona de Carracedo

3. No tempo transcorrido entre 2014 e comezos de 2017 non se tomaron medidas para corrixir os principais problemas de seguranza viaria e accesibilidade do Camiño



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2017 11:35
Nº Rexistro: 5714
Data envío: 27/02/2017 11:35:08.980

Portugués. E nada se sabe da Mesa de traballo permanente nin do estudo que se prevía realizar.

Por outra parte, ao longo destes case tres anos incrementáronse as denuncias sobre treitos do Camiño con graves problemas de seguranza viaria e accesibilidade. A este respecto cabe sinalar o paso pola vía do tren na parroquia de Amieiro Longo en Mos, zona na que existe unha proposta de trazado alternativo, e o treito entre Curro e San Amaro no concello de Barro.

Ademais, cómpre prestar atención ao trazado e estado do camiño nas zonas urbanas, mellorando as interseccións con outras vías e coidando os pavimentos, a accesibilidade e a sinalética.

Por outra parte, é necesario estudar as melloras alternativas para fomentar o uso da bicicleta para facer o camiño.

4. O Camiño Xacobeo Portugués rexistrou no ano 2016 máis de 52.000 peregrinos, o que supón un 18,7% do total. Estas cifras sitúan a rota portuguesa como a máis utilizada despois do Camiño Francés, con unha demanda crecente. Esta situación fai necesaria unha acción coordinada das diferentes administracións, co liderado da Xunta de Galicia, para mellorar a promoción, o estado das infraestruturas e servizos, a sinalización, e especialmente as condicións de seguridade viaria e accesibilidade.

Polo anteriormente exposto, o grupo parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2017 11:35
Nº Rexistro: 5714
Data envío: 27/02/2017 11:35:08.980

1. Reactivar a Mesa permanente pola potenciación do Camiño Portugués na provincia de Pontevedra e coordinar as actuacións das diversas administracións e entidades relacionadas coa rota xacobeá.
2. Priorizar as actuacións relacionadas coa seguridade viaria e as obras necesarias para eliminar os puntos negros, en colaboración coas administracións titulares das vías.
3. Estudar alternativas de sinalización e pavimentos para mellorar as interseccións do camiño con outras vías.
4. Procurar alternativas para aqueles puntos ou treitos nos que o trazado do camiño sexa incompatible coa seguridade dos peregrinos.
5. Desenvolver un plan de mellora da mobilidade ciclista polo camiño xacobeo portugués entre Tui e Compostela.”

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2017 11:35
Nº Rexistro: 5714
Data envío: 27/02/2017 11:35:08.980

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 27/02/2017 11:28:58

Olalla Rodil Fernández na data 27/02/2017 11:29:05

Xose Luis Rivas Cruz na data 27/02/2017 11:29:09

María Montserrat Prado Cores na data 27/02/2017 11:29:14

Noa Presas Bergantiños na data 27/02/2017 11:29:16

Ana Pontón Mondelo na data 27/02/2017 11:29:19

Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 18.01.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2.2 21043(10/PNC-001725)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre o apoio e a colaboración polo Goberno galego cos
concellos afectados nas actuacións que leven a cabo para
reclamar a Audasa o pagamento íntegro do IBI correspondente á
AP-9

Publicación da iniciativa, 226, 14.12.2017



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa dos seus deputados **Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2.^a**.

Exposición de motivos

En Galicia, é a AP-9 a única vía que non paga o 95% do IBI grazas ás bonificacións previstas na [Lei de construción, conservación e explotación de autoestradas en réxime de concesión](#) aprobada en 1972, en pleno franquismo. O [Decreto, do 17 de agosto de 1973](#), polo que se adxudicaba a concesión administrativa para a infraestrutura galega prevía que esta se beneficiase dos "beneficios" que figuraban no artigo doce da devandita lei e "ao longo do período concesional". Malia que a súa construción está máis que amortizada e a pesar dos [millonarios beneficios que xera](#), a exención aí segue, aplicándose no nivel máximo de redución permitido pola lexislación daquela do réxime ditatorial.

O pasado mes de abril, 15 dos 22 concellos da provincia de A Coruña polos que pasa a AP-9 e están afectados por esta exención acudiron a unha reunión en Abegondo convocada polo Concello da que é unha das vilas máis afectadas. Representantes dos municipios de Culleredo, Cambre, Oleiros, Betanzos, Ordes, Oroso, Ames, Teo, Ferrol, Cabanas, Pontedeume, Paderne, Bergondo e Miño xuntáronse nun encontro ao que desculpáron a súa asistencia Coruña, Compostela, Fene, Narón, Mesía, Padrón e Neda, e onde analizaron cales deben ser os pasos a seguir para rematar con esta inxustiza.



Entre o 2011 e o 2015 o beneficio neto despois de impostos de Audasa foi de 186 millóns de euros, que dedicou integramente a retribuír aos seus accionistas, nada para melloras no servizo, nada para manter os postos de traballo. Os datos non deixan ningún lugar á dúbida, coa concesión da AP9 gañan as oligarquías e perde a cidadanía, outro saqueo do público que ten como orixe unha privatización feita polo PP.

Tamén no ano 2016 AUDASA repartiu 45 millóns de euros de dividendos, practicamente 1 de cada 3 euros do que recada por peaxes.

Incluso coa lixeirísima rebaixa decretada para 2017, no primeiro trimestre, a cifra de negocio medrou un 3,5%, o resultado de explotación un 8% e o beneficio líquido nun 11,9%., un negocio redondo á conta de galegos e galegas, e que se incrementará coa suba das peaxes anunciadas para o próximo ano.

A AP-9 segue a estar en cabeza das reclamacións dos usuarios e conta cun altísimo índice de siniestralidade, á vez que está á cola en empregados por km, e á cabeza en beneficios que se converten en reparto millonario de dividendos.

O certo é que a AP-9 segue a ser un exemplo da privatización dos beneficios e socialización das perdas practicada polo Partido Popular, neste caso, en beneficio de AUDASA.

Con estes datos, entendemos que a Xunta de Galicia debe poñer os seus recursos ao servizo dos galegos e as galegas para tratar de reverter esta situación para que unha excepción tributaria pensada para beneficiar ao Estado no seu momento non sexa aproveitada pola concesionaria para obter maiores beneficios prexudicando á cidadanía.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/12/2017 13:26
Nº Rexistro: 21043
Data envío: 01/12/2017 13:26:20.324



Este beneficio tributario do que disfruta AUDASA é, en definitiva, un copago que asumen inxustamente as veciñas dos Concellos polos que atravesada a autoestrada.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a apoiar e colaborar cos concellos polos que transcorre a AP9 nas accións que poidan levar a cabo para reclamar a AUDASA o pago íntegro do IBI e rematar así con este privilexio que vai en contra do interese xeral.

Santiago de Compostela, 1 de decembro de 2017.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputado e voceiro s. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 01/12/2017 13:20:32

Antón Sánchez García na data 01/12/2017 13:20:39